



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

**GALICIA**  
LABORAL**LOITA**  
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 749 Semana do 25 de setembro ao 1 de outubro de 2017

**JOSÉ ANTONIO GÓMEZ: “URXE RESTITUÍR A DIGNIDADE DAS PENSIÓNS, GARANTIR O SEU PODER DE COMPRA E A SÚA VIABILIDADE DE CARA AO FUTURO”****UGT PRESENTA EN SANTIAGO AS MARCHAS POR UNHAS PENSIÓNS DIGNAS****A marcha galega partirá de Santiago o día 2 para confluír o día 9 coas do resto do Estado nunha gran concentración en Madrid**

**Redacción.-** O secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez, e o responsable da Unión de Xubilados e Pensionistas de UGT en Galicia, Valentín Tato, xunto cos seus homólogos no S.N. de CCOO de Galicia, ofreceron este mércores unha conferencia de prensa en Santiago na que presentaron as marchas por #PensiõesDignas, unha campaña que se iniciou a nivel de todo o Estado e que vai ter a súa máxima expresión cun conxunto de marchas que partirán de varias comunidades autónomas para confluír todas o día 9 nunha gran concentración na Porta do Sol en Madrid.

Gómez explicou que trátase de xerar debate social na contorna da problemática sobre o presente e futuro das pensións neste país, a rede máis potente de protección social e que da cobertura non só aos 9 millóns de persoas que perciben unha pensión, senón a moitas familias que a día de hoxe dependen delas. De feito, o 40 por cento das pensións cobren por completo as súas respectivas unidades familiares.

Non se trata só dun problema dos que perciben as pensións, senón que é un problema da sociedade no seu conxunto.

No punto no que se está actualmente, urxe unha volta á concertación sobre o modelo de pensións que se rompeu coa reforma das mesmas imposta polo PP no ano 2013 co fin de recuperar o futuro dunhas pensións dignas e terminar co empobrecemento dos pensionistas. Só un dato, hoxe o 40 por cento das pensións que se cobran en Galicia están na contorna dos 600 euros, xusto no limiar da exclusión social e da pobreza.

Neste senso, lembrou que as estatísticas apuntan a que no ano 2020 os pensionistas que hoxe perciben 1.000 euros pasarán a cobrar na contorna dos 400.

É evidente que hai que facer algo para remediar isto. Para UGT, o punto de partida para negociar debería ser o Pacto de To-



ledo, xa que foi o Goberno do PP o primeiro en romper este pacto de consenso.

Por situar unha data, como punto de partida, habería que retrotraer as negociacións ao concertado ata o 2011. Isto supón: asegurar o poder adquisitivo das pensións, erradicar o déficit da Seguridade Social, garantir o presente e futuro das pensións e que o Goberno atenda as iniciativas aprobadas no Parlamento para garantir o poder de compra das pensións.

É moi necesario asegurar a viabilidade do sistema de pensións: o Goberno esgotou o Fondo de reserva e recorre a un indebido endebedamento da Seguridade Social. Os pensionistas perden poder de compra cada día.

Porque, de non impedir os efectos da reforma de 2013, a relación media entre pensión e o último salario (taxa de substitución) caerá dende o 80 por cento a menos do 50 por cento, empobrecendo drasticamente aos pensionistas. 15 millóns de pensionistas recibirán a mesma renda que os 9 actuais.

Tamén hai que eliminar as subvencións con cargo á Seguridade Social, cuxo custo debe asumir o Estado, e conseguir que os gastos do sistema se paguen como o resto dos organismos públicos, cos Orzamentos Xerais do Estado e non con cotizacións.

Neste contexto, ademais, hai que des-  
topar as cotizacións co fin de mellorar os ingresos do sistema, tanto os derivados de

cotizacións como de ingresos fiscais.

José Antonio Gómez insistiu en que a clave para garantir o futuro do sistema é actuar pola vía dos ingresos e non dos gastos.

Por todo isto, UGT e CCOO consideran que a mobilización está máis que xustificada e chaman á cidadanía a participar nos actos convocados porque o presente e futuro das pensións é cousa de todos.

As pensións son a renda para culminar o proxecto vital cando finalizas o teu traballo e que quen sostén o sistema, contrariamente ao que nos pretenden vender en moitas ocasións, non é o Goberno, senón os traballadores e as súas cotizacións e a cidadanía cos seus impostos.

José Antonio Gómez e Valentín Tato explicaron como se vai desenvolver a marcha en Galicia. Partirá o día 2 de outubro de Santiago, comezando cunha asemblea aberta en San Caetano a partir das 11.00 horas. Xa ás 12.00 saíran en manifestación cara a zona de San Lázaro acompañando aos protagonistas das marchas. A partir de aquí seguirán sós 10 kilómetros nunha marcha a pé. O segundo día, o 3, repetirase o mesmo esquema en Lugo, cunha asemblea ás 11.00 na Praza Maior e unha manifestación ata a Avenida de Madrid. A partir de aquí comezarán unha nova marcha cara Ponferrada. Punto no que se unirán cos camiñantes de Asturias e Castela-León. A partir de aquí Benavente, o día 4, Valladolid, o 5, Segovia, o 6, Villalba, o 7, e Madrid o 9 serán os tramos a facer.

## ASÍNASE HOXE O CONVENIO DE CARPINTERÍA E EBANISTERÍA DA PROVINCIA DE A CORUÑA

**Redacción.-** UGT-FICA, xunto con CCOO e CIG, está previsto que asinen hoxe coa patronal do sector o convenio de carpintería e ebanistería da provincia de A Coruña para os anos 2014-2019. Un convenio que afectará a máis de 3.000 traballadores do sector na provincia de A Coruña.

Dende UGT-FICA destácase que a posta en marcha deste convenio suporá, no período de aplicación, un incremento, como mínimo, dun 6 por cento, garantindo, así, como mínimo unha ganancia de poder adquisitivo do 1,5 por cento.

Ademais, establécese unha nova clasificación profesional que vai supoñer no eido económico, por exemplo, que un oficial de segunda pase a cobrar na contorna dos 400 euros máis ao ano do que viña percibindo.

En relación ao incremento salarial, este será para os anos 2014, 2015 e 2016 dun 1,5 por cento.

Para o resto, é dicir, 2017, 2018 e 2019, será dun 1,5 por cento para cada un dos anos. Tamén se prevé o pago dos atrasos xerados dende xaneiro de 2017.

O novo convenio fixa unha cláusula de revisión salarial que se aplicará no caso de que o IPC supere o 1,5 por cento. Se se da este caso, revisaranse as táboas salariais co obxecto de garantir un 0,5 por cento de ganancia do poder de compra.

As indemnizacións por invalidez ou morte tamén se verán incrementadas e os traballadores das empresas multiservizos gozarán das mesmas condicións sociais e salariais que os empregados das empresas do sector para a que traballan.

Precisamente, este último punto é o máis novidoso do convenio, a existencia dunha cláusula pola que se garante a todos os traballadores das empresas multiservizos, que prestan servizos ás empresas do sector, as mesmas condicións laborais das que gozan os propios traballadores do sector. É dicir, aplicaráselles o convenio do sector.

De feito, esta é unha das reivindicacións que UGT está realizando na campaña "Precario NON, Grazas" contra as malas prácticas das empresas multiservizos neste país.

Por todo isto, UGT-FICA valora a sinatura deste convenio que estaba paralizado dende o ano 2014, o que estaba a provocar a conxelación dos dereitos tanto económicos como sociais dos traballadores do sector.

## DÚAS XORNADAS DE FOLGA EN MARSEGUR, CUN SEGUIMENTO DUN 90 POR CENTO, E SENDAS CONCENTRACIÓNS EN LUGO E PONTEVEDRA

**Redacción.-** A folga xeral de dous días en Marsegur, empresa que presta os seus servizos nas dependencias do Ministerio de Defensa, convocada por UGT, CCOO, USO, e outras mobilizacións, en Galicia concentracións en Lugo e Pontevedra, deberían levar ao Ministerio de Defensa a iniciar xa os trámites para a rescisión do contrato con esta empresa.

Dende FeSMC insítese en que Marsegur é un claro exemplo de empresas que non deben operar nun marco de seguridade privada que garanta condicións laborais e de calidade de servizos.

Marsegur situou un convenio de empresa co único obxectivo de reducir custos laborais para poder competir con maior

vantaxe na contratación de servizos, pasando os seus vixiantes a unha redución de salario de 700 euros mensuais.

A devandita empresa segue aplicando o seu convenio, pese a existir unha sentenza en contra da Audiencia Nacional e ata a data non abonou a nómina dos seus traballadores deixándoos en situación de exclusión social.

Ademais, a empresa está a ser investigada pola Dirección Especial de Inspección de Traxo por presunta infracción en cotizacións á Seguridade Social a instancias de UGT mediante demanda interposta a tales efectos.



Marsegur non pode seguir impune ante feitos de graves incumprimentos cos seus traballadores, así como coa propia Lei de Seguridade Privada, elementos máis que suficientes para que o Goberno adopte unha decisión xa.

## PAROS PARCIAIS NA EMPRESA DE SEGURIDADE DA FÁBRICA DE ARMAS A PARTIR DO 9

**Redacción.-** FeSMC-UGT ven de convocar paros parciais na empresa encargadas da seguridade da Fábrica de Armas (A Coruña) a partir do 9 de outubro polo impago da nómina de agosto e o aviso da dirección de Hércules de Armamentos de que tampouco abonará a de setembro debido a "problemas de facturación".

Os paros serán de 6.30 a 7.30 e de

14.30 a 15.30 de luns a venres.

Dende FeSMC explican que GEP Seguridade se encargou dos traballos de seguridade un ano despois de que a anterior empresa abandoase as instalacións xa por impagos, o que por aquel entón provocou que o Ministerio de Defensa prohibise a Hércules a fabricación da armamento.



Ante a esta situación, o Sindicato denuncia o pouco respecto que a empresa está a ter cos seus traballadores.

# O PAPEL DA REPRESENTACIÓN LEGAL DOS TRABALLADORES NA FORMACIÓN PROGRAMADA POLAS EMPRESAS, A DEBATE EN UGT-CORUÑA

**Redacción.-** Este xoves a sede de UGT en A Coruña acolleu a celebración dunha xornada sobre o papel da representación legal dos traballadores na formación programada polas empresas.

Lembrar que xa se tiña producido unha xornada similar en Santiago e está programada outra en vindeiras datas na sede de UGT en Vigo.



## CONVOCADAS CATRO XORNADAS DE FOLGA NO SECTOR DE ARTES GRÁFICAS

**Redacción.-** Os sindicatos maioritarios do sector, UGT FICA, FeSMC-UGT e CCOO de Servizos á Cidadanía, convocaron catro xornadas de folga en protesta polo bloqueio na negociación do convenio colectivo do Sector de Artes Gráficas, Manipulados de Papel, Manipulados de Cartón, Editoriais e Industrias Auxiliares.

A proposta sindical considera irrenunciáveis reivindicacións como alcanzar un in-

cremento salarial entre o 1,8% e o 3%, a aplicación da subida desde o 1 de xaneiro deste ano, que non sexa compensable nin absorbible e con cláusula de revisión salarial, ultraactividade indefinida, incluír no convenio un Plan de Igualdade e un Protocolo de Actuación en casos de acoso sexual e/ou laboral, e o recoñecemento das parellas de feito, así como a posibilidade de gozar do permiso por hospitalización de familiares mentres dure esta. Ademais, prevé a eliminación da prioridade da antigüidade

para elixir o período de goce das vacacións.

Ata os días da convocatoria da folga, os sindicatos van intensificar o proceso de asembleas de traballadores e traballadoras nos centros de traballo dos distintos territorios ao obxecto de que todos os traballadores do sector coñezan de primeira man as razóns que fan inevitable a folga e apoién as reivindicacións sindicais en pos dun convenio digno.

## UGT RECLAMA UN MODELO TURÍSTICO SUSTENTABLE E DE CALIDADE

**Redacción.-** Con motivo do Día Mundial do Turismo, que se celebrou o 27 de setembro, a Unión Xeral de Traballadores reclama un modelo turístico sustentable e de calidade que consiga erradicar a explotación laboral, a fraude fiscal ou a degradación das contornas urbanas. Para o sindicato, o modelo de sol, praia e lecer a baixos prezos débese substituír por outro no que prime o turismo de calidade, de alto valor engadido, desestacionalizado, que faga uso eficiente e eficaz das novas tecnoloxías e que aposte pola formación dos seus traballadores e traballadoras e a mellora das condicións laborais.

O sindicato lembra que leva tempo traballando en relación coas chamadas empresas multiservizos, que deterioraron aínda máis á baixa as condicións dos traballadores, especialmente neste sector. Neste sentido, destaca a campaña que emprendeu "Precario NON, Grazas", contra as malas prácticas destas empresas no noso país.

Para o sindicato, é preciso un cambio de políticas, xa que non se trata de contabilizar, simplemente, cantas persoas visitan o noso país, senón que é o que

achegan. Esta situación ten un impacto directo e negativo sobre a calidade dos servizos e o empobrecemento da actividade turística. A sobreesaturación e a aglomeración levaron danos no benestar e a convivencia en determinadas poboacións.

Hai escasamente un ano que UGT, coa campaña "A Cara B do Turismo", conxuntamente con outras organizacións do sector, denunciou o esgotamento do noso modelo turístico e o modelo de explotación laboral sobre o que se sostén. Un ano despois, a situación é aínda peor. Os datos do Banco de España difundidos polo Ministerio de Enerxía, Turismo e

Axenda Dixital indican un incremento do 11,8% dos ingresos xerados en España polos turistas estranxeiros nos cinco primeiros meses do ano. En materia de emprego, con todo, os datos EPA indican que, durante os seis primeiros meses do ano, os contratos indefinidos no sector turístico creceron un 1,6% respecto ao ano anterior, pero os temporais fixérono cinco veces máis (8,8%).

A taxa de temporalidade (36,1%) é 9,3 puntos superior á xeral (26,8%). Nesta precariedade extrema influíu a pro-

*Continúa na páxina seguinte...*



liferación das chamadas empresas multiservizos, algo que vén denunciando reiteradamente UGT desde hai tempo. É preciso poñer coto e unha maior regulación destas empresas que fan “o seu agosto” á conta de rebaixar as condicións laborais e salariais dos traballadores. Neste sentido, UGT lembra a campaña que emprendeu “Precario NON, Grazas”, contra as malas prácticas das empresas multiservizos no noso país.

O sector turístico, con achegas esenciais ao noso PIB, non pode sosterse sobre unha progresiva precarización das condicións de traballo dos profesionais do sector, como consecuencia da reforma laboral, a rebaixa das condicións sociais a través da externalización de actividades e das empresas multiservizos e os contratos a tempo parcial de moi curta duración; o incremento da temporalidade co acortamento das aperturas de hoteis de tempada, a sobrecarga de traballo e o abuso e aumento dos riscos para a saúde.

UGT aposta por desenvolver un cambio de modelo, unha estratexia turística común, a través dunha reconversión integral do sector con implicación das administracións públicas, e desde o diálogo social, cambiando o actual modelo de sol, praia e lecer a baixos prezos, que dá evidentes síntomas de esgotamento, e substituílo por outro no que prime un turismo de calidade, de alto valor engadido, desestacionalizado, que faga uso eficiente e eficaz das novas tecnoloxías, e que aposte pola formación dos seus traballadores e traballadoras e a mellora das condicións laborais.

Neste sentido, é necesario:

Potenciar elementos como o patrimonio cultural e histórico do noso país, a paisaxe, a biodiversidade ou a gastronomía.

Impulsar a estabilidade laboral dos traballadores e traballadoras do sector turístico mediante unha interrelación eficaz e efectiva das diferentes modalidades de turismo (sol e praia, cultural, verde, activo e turismo enfocado á diversidade funcional) que favoreza a profesionalización

nun marco de ruptura da estacionalidade.

Repercutir beneficios empresariais en incrementos salariais dos traballadores e traballadoras do sector. Un traballador motivado é un traballador xustamente remunerado.

Investimento real en formación de traballadores que achegue calidade e cualificación ao propio sector. Potenciar, entre outras, a figura do traballador fixo discontinuo, que combina a temporalidade do sector coas garantías xurídicas de continuidade no emprego.

Desterrar a cultura da externalización de servizos como vía para a precarización das condicións laborais.

Sen renunciar ao turismo de sol e praia, pois temos gran experiencia e percorrido neste segmento, o sector debe diversificarse con propostas de calidade que ofrezcan outras alternativas: culturais, gastronómicas, rurais, organización eventos... É dicir, captación de novos nichos de mercado que xeren unha maior afluencia de turistas (e con outros perfís) e un incremento nos ingresos.

## UGT e CCOO SAÚDAN QUE O CONGRESO IMPIDA QUE O PP e Cs ACABEN COA ILP PARA UNHA PRESTACIÓN DE INGRESOS MÍNIMOS

**Redacción.-** UGT e CCOO felicítanse pola decisión adoptada polo Congreso dos Deputados, rexeitando a emenda á totalidade que o Partido Popular tiña presentado co fin de acabar coa Iniciativa Lexislativa Popular para crear unha Prestación de Ingresos Mínimos, no ámbito de protección da Seguridade Social, que dea cobertura a todas as persoas que estando en situación de desemprego non atopan traballo nin superen un limiar mínimo de ingresos.

O Grupo Parlamentario Popular presentou esta emenda, sorpresivamente, o pasado 19 de setembro, tras manter bloqueada a tramitación desta iniciativa, coa colaboración de Cidadáns, desde o mes de febreiro. Todo iso, a pesar de ser admitida a trámite no seu día co apoio da maioría absoluta da Cámara (PSOE, Unidos Podemos, ERC, PDCAT, PNV, CC e Bildu) que superaron a oposición de PP e Cidadáns (Cs).


As organizacións sindicais maioritarias, impulsoras desta ILP, para o que recolleron e presentaron 710.000 firmas de cidadáns e cidadáns, lamentan a basta manobra parlamentaria que tentou acabar prematuramente, furtando o seu debate parlamentario, cunha iniciativa que tería impacto positivo, na actualidade para moitos centos de miles de persoas en situación de ex-

tema necesidade.

Tentar, como facía a emenda, que a ILP transfórmese nunha lei limitada á constitución dun grupo de traballo “para o estudo e clarificación do mapa de prestacións existente en España”, composto por dezaseis persoas “9 da Administración do Estado, 3 das Comunidades Autónomas, 2 das organizacións empresariais e 2 das organizacións sindicais” e que no prazo de seis meses elevaría un informe, é unha iniciativa deplorable, que mostra, unha vez máis unha elevada dose de insensibilidade social.

Afortunadamente, o conxunto de forzas parlamentarias que apoiaron a ILP cando entrou no Congreso, hai xa un ano, mantiveron a súa posición e esta votación supón un compromiso con esta iniciativa que agradecemos e que confiamos poida manterse ata o final da súa tramitación.

Agora é o momento de desbloquear o trámite de presentación de emendas parciais, que manteñen PP e Cs, e permitir que esta iniciativa se discuta con normalidade e permita aprobar esta importante medida. Emprazamos a PP e Cs a deixar de obstruír esta tramitación na Mesa do



Congreso e abrir un proceso de diálogo co resto de forzas políticas, para que esta ILP dea lugar a unha lei co maior consenso posible.

UGT e CCOO manteremos o compromiso que desenvolvemos ata agora e seguiremos traballando para que sexa así.

Denunciaremos calquera práctica obstrucionista do exercicio do dereito constitucional ao exercicio da Iniciativa Lexislativa Popular que, de manterse, non será máis que unha mostra de cegueira política ante unha realidade social cada vez máis inquietante, cunha saída da crise que deixa atrás un reguero de desigualdades e fracturas sociais.